

CONVOCATORIA DE INGRESO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA A TRAVÉS DO PROCEDEMENTO DE VALIDACIÓN PARCIAL DE ESTUDOS ESTRANXEIROS.

CURSO 2014-2015

1.-CONVOCATORIA

1.1.- Conforme ao disposto no Acordo do Consello de Goberno do 21 de febreiro de 2014 polo que se aproba o Protocolo de recoñecementos e nesta convocatoria, poderán solicitar o ingreso nas ensinanzas oficiais de Grao ou Licenciado para cursar estudos no curso 2014-15 os alumnos con estudos conforme a sistemas educativos estranxeiros que se lles recoñezan o número mínimo de créditos establecido.

1.2.- Os alumnos incluídos no ámbito de aplicación desta convocatoria só poderán solicitar a admisión nas titulacións que figuran no ANEXO I e no prazo fixado nesta convocatoria.

1.3.- O número de prazas ofertadas para cada titulación, é o que se recolle no ANEXO (Acordo do Consello de Goberno do 16 de decembro de 2013)

1.4.- A avaliación das solicitudes polos centros para as adxudicacións, no caso de que haxa máis solicitantes que prazas ofertadas, terán unha dobre fase:

A inicial de preselección, na que se poderá non admitir a aqueles alumnos que teñan moi poucos créditos superados, en función do número de solicitudes e créditos superados polos outros aspirantes, e que en ningún caso van a poder ser obxecto de selección. Os centros mediante resolución decanal ou por acordo do Presidente da Comisión con competencias en materia de recoñecementos, publicarán a listaxe de excluídos nesta primeira fase e contra a que se poderá presentar recurso de alzada perante o reitor.

Finalizada a preselección realizarase a segunda fase, na que se procederá ao recoñecemento dos estudos estranxeiros solicitados polos alumnos. Proporanse como admitidos aos alumnos que teñan un maior número de créditos recoñecidos e que permita unha listaxe de agarda do triplo da cota de prazas.

Enviada a proposta á UXA, procederase a ditar a resolución reitoral de recoñecemento e admisión.

1.5.- Os estudos que se terán en conta para a valoración dos expedientes serán os realizados polo alumnado ata o remate do primeiro semestre cando así figure na certificación académica que achegue.

2.- SOLICITUDES DE ADMISIÓN

2.1.- A solicitude de admisión deberá presentarse por medio electrónico no enderezo electrónico da USC ou presencialmente na Unidade de Xestión Académica antes do **31 de marzo de 2014** consonte o modelo de solicitude que figura como ANEXO II desta convocatoria (www.usc.es/sxa/impresos/SVEE_2014.pdf)

2.2.- O alumno deberá aboar a tarifa de **27,09 €** establecida polo Consello Social desta Universidade en sesión celebrada o 19 de febreiro de 2014, para o que se emitirá a liquidación pertinente no momento de facer a solicitude. No caso de non aboar a mesma dentro do período de solicitudes a súa petición non será admitida a trámite.

2.3.- Na solicitude, o alumnado deberá declarar os datos persoais e académicos solicitados e, no seu caso, achegar a documentación oportuna. Ademais deberá incluír na solicitude de matrícula un enderezo de correo electrónico, que será o medio utilizado pola Universidade para enviar as comunicacións e notificacións que se deriven deste proceso. Tamén deberán incluír un teléfono móbil de contacto para a recepción das posibles comunicacións por SMS. De non ser posible a comunicación por algún destes medios, as notificacións faranse a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>) A solicitude obrigatoriamente incluírá a declaración do alumno con:

a) O número de materias e créditos superados na universidade de orixe

b) As materias que desexa que se lle recoñezan na USC, indicando as materias concretas do plan de estudos da USC das que solicita o recoñecemento.

Esta petición de recoñecemento de materias formulada polo alumno será vinculante e non será posible admitir unha solicitude sen a proposta do alumno. O modelo de solicitude estará dispoñible en formato papel e na Sede Electrónica da USC e será aprobado pola Secretaría Xeral.

Cos pedimentos de validacións parciais de estudos estranxeiros achegárase a documentación suficientemente acreditativa, aceptándose a tal efecto certificacións simples non necesariamente legalizadas. Informarase ao alumno que deberá achegar a documentación debidamente legalizada no caso de ser admitido ou no momento de formalizar a matrícula.

Igualmente aportará os programas de todas as materias que figuren superadas.

Así mesmo deberá acreditarse a carga lectiva das materias e o sistema de cualificacións de procedencia.

2.4.- Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos respecto da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración incorrecta do expediente, poderá dar lugar á anulación da matrícula e, cando cumpra, a ser excluído do proceso de adxudicación de prazas sen prexuízo das sancións administrativas ou penais que correspondan.

2.5.- A xestión das solicitudes farase polas Unidades de Xestión Académica que velarán porque a documentación que se entregue estea completa, remitindo, con carácter de urxencia, os expedientes ao Centro para o seu informe.

2.6.- A documentación identificativa do alumno e a certificación académica dos estudos de orixe debe presentarse de xeito electrónico xunto coa solicitude. O resto da documentación poderase presentar na Unidade de Xestión correspondente dentro do prazo de solicitude.

3.- MATRÍCULA

3.1.- Recibida a admisión, o alumno deberá matricularse no prazo fixado na notificación da admisión aboando os prezos indicados na devandita resolución. Os alumnos admitidos que non se matriculen neste prazo ou non aboen os prezos establecidos, decaerán no seu dereito sobre a praza adxudicada.

3.2.- As disposicións da Convocatoria xeral de matrícula para o curso 2014-2015 serán de aplicación aos alumnos matriculados a través desta convocatoria anticipada

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- PROTECCIÓN DE DATOS.

1.-Os datos persoais recollidos neste proceso incorporaranse ao ficheiro nº 1 denominado "Xestión Académica e Alumnado" aprobado por Resolución do 24 de xuño de 2002 e modificado por Resolución reitoral 3 de setembro de 2010. A súa finalidade é a xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión administrativa da área de xestión académica e figure inscrita na Axencia de Protección de Datos.

2.- Os datos serán sometidos a tratamento con finalidades académicas e de xestión da USC, e para a difusión de información institucional e de información destinada á formación e á inserción laboral e profesional dos membros da comunidade universitaria. A Universidade poderá facer uso dos datos contidos nos seus ficheiros tamén con finalidades históricas, estatísticas ou científicas e para as establecidas no ficheiro e na regulación xeral. Non se fará ningunha cesión de datos de carácter persoal sen consentimento do titular dos datos, salvo o previsto pola lei e o declarado no ficheiro pola USC.

3.- A responsabilidade sobre o ficheiro corresponde á Universidade de Santiago de Compostela, e mediante escrito ou a través da Sede Electrónica poderá dirixirse á Secretaría Xeral da Universidade para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición conforme aos modelos que figuran en:



<http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html>.
<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

DISPOSICIÓN FINAL

A presente convocatoria entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2014

O reitor,



Juan J. Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL- SR. VICERREITOR DE TITULACIÓNS E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR
- SR. VICERREITOR DE RELACIÓNS EXTERIORES E INTERNACIONALIZACIÓN- SERVIZO DE RELACIÓNS
EXTERIORES- SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS- SR. XEFE DO SERVIZO DE
XESTIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN
ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE
ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES/AS
RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE
ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDEMENTO - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

ANEXO I

TITULACIÓNS CAMPUS SANTIAGO	Nº PRAZAS
Grao en Bioloxía	8
Grao en Administración e Dirección de Empresas	10
Grao en Economía	8
Grao en Xornalismo	1
Grao en Comunicación Audiovisual	1
Grao en Ciencia Política e da Administración	6
Grao en Pedagogía	1
Grao en Educación Social	1
Grao en Mestre en Educación Infantil	1
Grao en Mestre en Educación Primaria	1
Grao en Dereito	9
Grao en Enfermaría	2
Grao en Farmacia	10
Grao en Filosofía	3
Grao en Lingua e Literatura Galegas	3
Grao en Lingua e Literatura Españolas	3
Grao en Lingua e Literatura Inglesas	5
Grao en Filoloxía Clásica	1
Grao en Linguas e Literaturas Modernas	4
Grao en Física	5
Grao en Matemáticas	6
Grao en Medicina	2
Grao en Odontoloxía	2
Grao en Óptica e Optometría	3
Grao en Psicoloxía	8
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	5
Grao en Química	6
Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	3
Grao en Historia da Arte	5
Grao en Historia	5
Grao en Enxeñaría Informática	1
Grao en Enxeñaría Química	1
Grao en Traballo Social	1

TITULACIÓNS CAMPUS LUGO	Nº PRAZAS
Grao en Administración e Dirección de Empresas	6
Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas	2
Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	4
Grao en Nutrición Humana e Dietética	3
Grao en Mestre en Educación Infantil	1
Grao en Mestre en Educación Primaria	1
Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	2
Grao en Lingua e Literatura Españolas	1
Grao en Veterinaria	2
Grao en Enfermería	1
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	3
Grao en Enxeñaría Civil	3
Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	4
Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	3
Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	3

